

Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Gustoume moito este libro, de lectura fácil e moi entretido. Reflicte un problema que aínda hoxe se da nalgúns lugares: as comunas hippies. Paréceme un asunto moi complicado de resolver; por un lado, os hippies atoparon aquelas casas abandonadas despois de moitos anos, pero os verdadeiros propietarios son os antigos habitantes de Foxo, que fuxiron obrigados. O que máis me gustou foron as historias que conta o avó de Xoel que, aínda que a súa filla pense que non son verdade, que é froito do alceime, abre unha nova trama no relato ao descubrir que participou nun segundo plano no exterminio xudeu na Alemaña do século XX. Esta nova dificultade invitoume a reflexionar sobre o tema xa que, cando Xoel e Iria descubren que ..., Iria decide avisar a policía, aínda sabendo que ... Pareceume unha situación difícil de resolver, porque sabendo que esas persoas mataron a tanta xente inocente e aínda así vivan tranquilos e felices pode causar un tremendo sentimento de culpa, pero tamén ter nas súas mans a decisión de encarcerar unha persoa querida. En conclusión, pareceume un libro fantástico, que aínda que é cortiño baralla cantidade de situacións enfrontadas. **(Teresa)**

2. Este libro gustoume máis polas pequenas historias que conta un dos seus protagonistas que pola trama en si. As partes que máis me gustaron foron nas que o avó do protagonista lle contaba a este as historias de cando traballaba como cámara porque son historias realmente moi interesantes. As que menos me gustaron foron o final, cando ... que me pareceu moi artificial, e cando os antigos habitantes de Foxo volven ao pobo e porque non me parece moi ben que insulten á xente que impediu que. O personaxe que máis me gustou foi o avó do protagonista polas historias que conta. O que menos a moza do protagonista porque non admite que as súas ideas poidan cambiar. **(M. Teresa)**

3. Este libro gustoume en xeral, porque se expoñen problemas cotiás como que a nai do protagonista está sempre de festa e el ten que preocuparse só do seu avó, coidalo e á súa vez tamén ter que mirar pola súa nai sendo só un adolescente. Tamén aparece un problema social como é os das comunas, estar en contra do capitalismo es as consecuencias que esa maneira de pensar ten. Tamén se expón o feito de que aínda que dúas persoas teñan diferente modo de pensar pódense namorar. O final deste libro non mo esperaba para nada, que o protagonista ... En resumo, este libro dá moito que pensar. **(Paula)**

4. Este libro gustoume moito: narra unha trama entretida, léxico sinxelo e é moi breve. Aborda problemas como o dos "hippies" e a Segunda Guerra Mundial que estiveron e están moi presentes na sociedade dos séculos XX e XXI. Por unha banda, o que máis me chamou foi a actitude da nai de Xoel, parece mentira que existan nais así, ás que os seus fillos lles teñen que dicir que se comporten e que tenten facer algo proveitoso na súa vida. Non me gustaría nada ter unha nai así. Moitas veces pensamos que ogallá non nos puxesen límites, pero iso non sería beneficioso para nós. Chamoume moito a atención a personalidade de Xoel. Pareceume que ten moitísimo mérito o feito de que non acabase como a súa nai e incluso coidase do seu avó. Mostrouse como un rapaz moi maduro. Por outra banda, tamén me chamou a atención que o tema da segunda Guerra Mundial estea tan presente no argumento da historia. As guerras sempre deixan conflitos por resolver. O avó de Xoel axudara a rodar unhas películas da campaña nazi. Unha de elas fora rodada en Guipelbolfe, a aldea que estaba preto de Foxo. En conclusión, o libro pareceume moi interesante. Gustoume moito a historia de amor entre Xoel e Iria e o dinamismo da historia **(Carmen)**

5. A verdade é que este libro gustoume moito, porque trata un tema que non é moi habitual, como é a vida dun neno da nosa idade nunha comuna, e fai que te poñas na situación do neno. Dáme un pouco de pena o protagonista, porque ten que coidar o seu avó e a súa nai, que pasa tempadas no cárcere por ter plantas de marihuana, e vendela. Penso que o autor fixo moi ben en mesturar a historia coa historia persoal do protagonista, que coñece unha nena da súa idade coa que acaba ..., e coa historia do avó, que, aínda que ao principio parece que está tolo, ao final ... En definitiva, pareceume un libro moi fácil de ler, e moi entretido, e recomendo a súa lectura, xa que, como dixeran ao principio, polo menos a min gustoume moito. **(Clara)**

6. Este libro, moi entretido e fácil de ler, conta a historia dun rapaz de orixe alemá que vive coa súa nai na comuna "hippie" de Foxo e o que lle sucede coa chegada do seu avó, enfermo de Alzheimer. Xoel é un mozo que tivo que madurar antes de tempo a causa da irresponsabilidade da súa nai. Sempre estivo metida en problemas coas drogas e non coida ben do seu fillo. Coa chegada do seu avó de Alemaña doente de Alzheimer, o protagonista vese obrigado a coidar del. Pasan moito tempo xuntos e aprende moitas cousas da vida que levaba o ancián antes de vir con eles. Neste tempo tamén coñecerá a unha moza chamada Iria que ... Ademais da trama principal, no libro trátanse diferentes problemas que aínda son realidade nos nosos días. Os "hippies" levan moitos anos vivindo nunhas casas que non lles pertencen pero que reclaman coma súas a causa da chegada dos antigos propietarios, que volven tras a construción dunha nova estrada de acceso. Por outra banda, tamén se fai referencia ó conflito que aínda segue aberto trala Segunda Guerra Mundial e á persecución que sofren todos os que colaboraron nalgún momento cos nazis. En conclusión, o libro pareceume moi interesante pola cantidade de situacións entretidas que contén e o dinamismo co que é narrada a acción. **(Iago)**

7. A lectura deste libro pareceume interesante en varios sentidos. Gústame a historia en xeral pero destaco a actitude valente de Xoel, xa que non é doado para un neno de 16 anos coidar dun avó enfermo (cambiarlle os cueiros, levalo de paseo, facerlle a comida...etc.), dunha nai "perdida" que se nega a traballar por mor da explotación capitalista, e dos seus estudos. Con todo isto é comprensible que o seu soño sexa afastarse de todo e embarcar nun petroleiro lonxe da comuna de hippies (Foxo). O papel que non entendín demasiado foi o do profesor Robles, non comprendo a razón pola cal Xoel quedara abraiado ao descubrir que este practicaba tiro, e temese polo seu avó. O que quizais menos me gustou foi o final, eu esperaba que Xoel sacara a súa nai adiante e conseguira quitarlle esas ideas da cabeza para así traballar e arranxarse unha casa, aínda que supoño que o ideal dos hippies e okupas será ese, vivir afastados do capitalismo e o do Estado. Tampouco me esperaba que o avó preferise ... O que me gustaría que se houbese contado no libro sería o momento, ó final da lectura, en que a garda civil chega a Guipelbolfe. En xeral o máis valorable da lectura dende o meu punto de vista foi a actitude de Xoel coa súa familia e tamén Iria, que lle ofreceu amizade dende o primeiro momento. **(Raquel)**

8. Gustoume este libro entre outras cousas pola madurez que amosa o rapaz ao facerse cargo do seu avó en vista de que a nai non se preocupaba; esta situación dáse en moitos fogares e nalgunhas ocasións non o apreciamos dende fora pero son moitos os rapaces e rapazas que teñen que se afrontar a situacións parecidas. Non comparto a idea de Iria ao final de avisar ..., xa que a situación era delicada para a xente que vivía alí, e penso que ela non debería meterse nese tema. En resumo, é un libro que non destacaría entre os meus favoritos pero que me resultou fácil de ler e entretido. **(Mercedes)**